



rf.: A/S/C51-15

ANUNCIO URXENTE

Asunto: Procedemento de contratación administrativa da obra “Reparación e melloras no Pavillón Municipal Pablo Herbello” con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS 2015).

Por resolución de alcaldía de 03 de xullo de 2015 resolveuse o seguinte:

1º.- Deixar sen efecto as invitacións formuladas, mediante oficio de alcaldía de 24.06.2015 (RS núm. 2292 ao 2305 de 26.06.2015), a varias empresas co obxecto de formular a correspondente oferta no procedemento de contratación da obra “REPARACIÓNS E MELLORAS NO PABILLÓN MUNICIPAL PABLO HERBELLO” de marzo de 2015 suscrito polo arquitecto técnico municipal, con cargo ao PPOS 2015.

Advírtese ás empresas invitadas que non poderán formular ofertas toda vez que a obra deberá contratarse previa tramitación do correspondente procedemento de contratación nos termos sinalados no presente acto administrativo.

2º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio no perfil de contratante da web municipal e no taboleiro de anuncios da casa consistorial.

Dita resolución emítese tendo en conta o valor estimado de dita obra que ascende á cantidade de 50413,22 euros (sen IVE) tal e como resulta do resumo do orzamento incorporado ao proxecto da obra “REPARACIÓNS E MELLORAS NO PABILLÓN MUNICIPAL PABLO HERBELLO” de marzo de 2015 suscrito polo arquitecto técnico municipal, aprobado resolución de alcaldía de 9 de abril dos correntes.

Neste senso, en base á regulación contida no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contrato que resulte da obra proxectada non terá a consideración de contrato menor sen que poida, polo tanto, aplicarse o réxime previsto no precepto de referencia que permite a adxudicación directa dos contratos menores a cualquier empresario con capacidade de obrar que dispoña da habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, senso esixible a previa tramitación do correspondente expediente e en aplicación do réxime previsto no Libro III, título I do devandito texto referido á selección do contratista e adxudicación do contrato.

Bueu 6 de xullo 2015

O alcalde

Félix Juncal Novas